



XUNTA DE GALICIA

XEFATURA TERRITORIAL DA CONSELLERÍA DE EMPREGO E IGUALDADE. DELEGACIÓN TERRITORIAL DE LUGO

Anuncio

CONVENIOS COLECTIVOS

Visto o texto do acordo de revisión salarial para o ano 2021 do Convenio Colectivo da empresa PESCADOS RUBEN, S.L. (Código 27001022012007), asinado o día 20 de xaneiro de 2021, pola representación da empresa e polos representantes dos traballadores, como membros da comisión negociadora e de conformidade co disposto no artigo 90 apartados 2 e 3 do Real decreto lexislativo 2/2015, do 23 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto dos Traballadores, e no Real decreto 713/2010, do 28 de maio, sobre rexistro e depósito de convenios colectivos e acordos colectivos de traballo ACORDO:

PRIMEIRO: Ordenar a inscrición do citado acordo no rexistro de convenios desta xefatura territorial, así como o seu depósito.

SEGUNDO: Dispoñer a súa publicación no Boletín Oficial da Provincia.

Lugo, 12 de abril de 2021.- A xefa territorial, Pilar Fernández López.

ACTA DE ACUERDO

CONVENIO COLECTIVO PESCADOS RUBÉN, S.L.

ASISTENTES

Por la representación de la empresa PESCADOS RUBÉN, S.L.

D^a. CONCEPCIÓN BLANCO FANEGO

D. MARCOS VÁZQUEZ DÍAZ

Por la representación de los trabajadores de la empresa PESCADOS RUBÉN, S.L.

D^a. RAMÓN MANUEL CORDIDO SANTOS

D. ANTONIO ROUCO MARTÍNEZ

D. LUIS MARIANO SORIA NÉCEGA

D. JOSÉ MASEDA REGES

En FOZ, siendo las 13:00 horas del día 20/01/2021, se reúnen en C/ Fondo Nois, 1, Foz (Lugo) las personas al margen relacionadas, miembros todas ellas de la Comisión Negociadora del Convenio Colectivo de la empresa PESCADOS RUBÉN, S.L. conforme el Acta de Constitución de dicha Comisión de fecha 3 de noviembre de 2016.

Se adoptan los siguientes

ACUERDOS:

PRIMERO.- Las partes firmantes del Convenio Colectivo de la Empresa PESCADOS RUBÉN, S.L. hacen constar que, conforme lo dispuesto en el art. 27 del Convenio en vigor, no correspondería aplicar incremento salarial para el año 2021, toda vez que se pacta incremento consistente en IPC real del año anterior más 0,5 puntos, habiendo resultado el IPC real del ejercicio 2020 -0,5. No obstante lo anterior, las partes firmantes entienden conveniente aplicar incremento para la anualidad 2021, por lo que modifican el pacto de incremento salarial contenido en el Convenio en vigor, art. 27, en lo relativo al incremento salarial para el ejercicio 2021, acordándose aplicar para esta anualidad incremento del 0,5%.

SEGUNDO.- Se acuerda en consecuencia aprobar la tabla salarial del Convenio Colectivo de la Empresa PESCADOS RUBÉN, S.L. del año 2021 (vigencia desde el 01/01/2021 al 31/12/2021) conforme lo pactado en el número anterior.

TERCERO.- Se acuerda finalmente remitir la presente Acta, así como la tabla salarial aprobada, a la autoridad laboral competente, autorizándose a tales efectos a D^a. Guadalupe Hervera Iglesias, titular del D.N.I. Núm. 33.321.188F, responsable de negociación colectiva de la Confederación de Empresarios de Lugo, a realizar cuantas gestiones resulten necesarias.

Y no habiendo más asuntos que tratar, se levanta la sesión a la que corresponde la presente Acta, firmando la misma los asistentes en prueba de conformidad, en lugar y fecha indicados en el encabezamiento.

Concepción Blanco Fanego Santos DNI: 77592885Q. Marcos Vázquez Díaz, DNI: 33999977C. Ramón Manuel Cordido, DNI: 77597311A. Antonio Rouco Martínez, DNI: 33992560D. Luis Mariano Sória Nécega, DNI: 51910834H. José Maseda Reges, DNI: 33840487N.

ANEXO 1.

TÁBOA SALARIAL 2021: CONVENIO DE PESCADOS RUBEN, SL.

VIXENCIA 01/01/2021 Ó 31/12/2021

Categoría profesional	Soldo mensual	Plus Transp.	Retribución Anual
GRUPO 1			
Adxunto xerencia	1.126,12	3,88	17.916,12
Titulado/a Superior	1.081,34	3,88	17.244,42
Titulado/a Medio	1.012,99	3,88	16.219,17
Técnico/a non titulado/a	1.067,46	3,88	17.036,22
GRUPO2			
Xefe/a de Sección Administrativa	987,58	3,88	15.838,02
Técnico/a Administrativo/a	944,40	3,88	15.190,32
Auxiliar	903,74	3,88	14.580,42
Telefonista...	823,09	3,88	13.370,67
GRUPO 3			
Xefe/a de Sección	987,58	3,88	15.838,02
Oficial de 1 ^a	942,93	3,88	15.168,27
Oficial de 2 ^a	903,74	3,88	14.580,42
Especialista	903,74	3,88	14.580,42
Peón manipulador	866,67	3,88	14.024,37
Axudante ou auxiliar	823,09	3,88	13.370,67

LUGO, 12 DE ABRIL DE 2021.- A XEFA TERRITORIAL, PILAR FERNÁNDEZ LÓPEZ.

R. 1020

CONCELLOS

BECERREÁ

Anuncio

EDICTO DE EXPOSICIÓN AO PÚBLICO

Por Decreto da Alcaldía de data 09/04/2021, prestouse aprobación inicial ao padrón correspondente ao mes de abril do 2021 da taxa pola prestación do servizo de Gardería Infantil.

Conforme ao disposto no artigo 102.3 da Lei Xeral Tributaria, por medio do presente ponse en coñecemento dos contribuíntes obrigados ao pago da taxa, que dispoñen dun prazo de quince días, contados a partir da publicación do presente edicto no Boletín Oficial da Provincia, ao obxecto de que poidan ser examinados e presenta-las reclamacións que estimen pertinentes, entendéndose elevados a definitivos se, transcorrido o prazo de exposición pública, non se formulara ningunha reclamación contra os mesmos.

Así mesmo, e de conformidade co artigo 253.1 da Lei Xeral Tributaria, poderán interpoñer recurso de reposición ante a Alcaldía no prazo dun mes, que comezará a contar dende o día seguinte ao da finalización do período voluntario de pagamento.

Contra a resolución expresa ou presunta do recurso de reposición que no seu caso se formule, poderá interpoñerse recurso contencioso-administrativo na forma e nos prazos que a tal efecto se establecen na Lei Reguladora da referida xurisdicción.

Non obstante, poderán interpoñer calquera outro recurso que consideren oportuno.

ANUNCIO DE COBRANZA

De conformidade co disposto no artigos 24 e 25 do Regulamento xeral de recadación (R.D. 939/2005), do 29 de xullo, fíxase como prazo de ingreso, en período voluntario, ata o 09/06/2021. Para o cobro dos mesmos, os contribuíntes que teñan domiciliados os recibos, estes seranlles cargados nas contas bancarias respectivas.

Para o resto dos contribuíntes, os recibos seranlles enviados ó enderezo declarado do suxeito pasivo por correo ordinario para que poidan efectúa-lo pago en calquera oficina de Abanca. No caso de non recibilos, obrigado ó pagamento deberá personarse nas oficinas municipais para obter un duplicado xa que a súa non recepción no domicilio non exonera da obriga de pagamento nin impide a utilización da vía de constrinximento

Transcorrido o prazo de pago en período voluntario, iníciase o período executivo que determina a esixencia dos xuros de demora e dos recargos do período executivo nos termos dos artigos 26 e 28 da Lei 58/2003, de 17 de decembro, Xeral Tributaria, e no seu caso das costas do procedemento de constrinximento; de acordo co establecido no artigo 161 de dita Lei, procederase á súa recadación pola vía administrativa de constrinximento, segundo o preceptuado no Regulamento Xeral de Recadación. O recargo será do 5 por 100 cando a débeda non ingresada en período voluntario se satisfaga na súa totalidade antes da notificación ao debedor da providencia de apremio, de acordo co previsto no artigo 28.2 da Lei 58/2003, Xeral Tributaria, para o que deberán acudir ás oficinas municipais para o selado dos correspondentes recibos.

A presente publicación, nos dous supostos, de edicto de exposición ao público dos padróns e anuncio de cobranza en fase voluntaria, ten o carácter de notificación colectiva, ao amparo do establecido no artigo 102 da indicada Lei Xeral Tributaria.

Becerreá, 12 de abril de 2021.- O Alcalde, Manuel Martínez Núñez.

R. 1021

CHANTADA

Anuncio

O pleno do Concello de Chantada, na sesión ordinaria do día 08/04/2021 acordou aprobar inicialmente o expediente de modificación de créditos 13/2021 baixo a modalidade de crédito extraordinario 01/2021 para adquisición dun inmovible con cargo ao remanente de tesourería para gastos xerais , por importe de 300.779,70 €.

O expediente expónse ao público polo prazo de quince días , da acordo co artigo 169 do Texto Refundido 2/2004, do 5 de marzo, da Lei reguladora das facendas locais, na Secretaría deste Concello, a fin de que durante o mesmo, que empezará a contarse desde o día seguinte ó da inserción do presente edicto no Boletín Oficial da Provincia , poderán presentar reclamacións e suxestións que se estimen oportunas, as que deberán ser dirixidas ó Sr. Alcalde-Presidente deste Concello.

Chantada ,12 de abril de 2021.- O alcalde, Manuel Lorenzo Varela Rodríguez.

R. 1022

Anuncio

O pleno do Concello de Chantada, na sesión ordinaria do día 08/04/2021 acordou aprobar inicialmente o expediente de modificación de créditos 15/2021 baixo a modalidade de crédito extraordinario 02/2021 para adquisición dun camión con cargo ao remanente de tesourería para gastos xerais, por importe de 42.350,00 €.

O expediente expónse ao público polo prazo de quince días, de acordo co artigo 169 do Texto Refundido 2/2004, do 5 de marzo, da Lei reguladora das facendas locais, na Secretaría deste Concello, a fin de que durante o mesmo, que empezará a contarse desde o día seguinte ó da inserción do presente edicto no Boletín Oficial da Provincia, poderán presentar reclamacións e suxestións que se estimen oportunas, as que deberán ser dirixidas ó Sr. Alcalde-Presidente deste Concello.

Chantada, 12 de abril do 2021.- O alcalde, Manuel Lorenzo Varela Rodríguez.

R. 1023

*Anuncio***APROBACION INICIAL MODIFICACION SUBVENCIONS NOMINATIVAS 2021**

Aprobado inicialmente en sesión ordinaria do Pleno deste Concello de data 8 de abril de 2021 a modificación do anexo de subvencións nominativas do Orzamento Xeral para o exercicio económico 2021, de acordo ao previsto no artigo 169 do Texto Refundido da Lei Reguladora de Facendas Locais aprobado por Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo e o artigo 20 de Real Decreto 500/1990, de 20 de abril, expónse ao público o expediente e a documentación preceptiva por prazo de quince días hábiles desde o seguinte ó da publicación deste anuncio no Boletín Oficial da Provincia, aos efectos de reclamacións e alegacións.

De conformidade co acordo adoptado a modificación do anexo de subvencións nominativas do 2021 considerarase definitivamente aprobado, se durante o citado prazo non son presentadas reclamacións.

Chantada, 12 de abril do 2021.- O alcalde, Manuel Lorenzo Varela Rodríguez.

R. 1024

O CORGO*Anuncio*

Ao quedar definitivamente aprobado polo Pleno desta Corporación o expediente de modificación de créditos con número 2/2021, de suplementos de crédito, por un importe total de cento oitenta e tres mil douscentos sesenta euros (183.260,00 €), primeiro de competencia do Pleno, polo acordo adoptado en sesión celebrada o doce de marzo de dous mil vinte e un, de acordo co preceptuado e en cumprimento do disposto no artigo 177.2 en relación co 169.3 do Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, faise público que, despois de dito expediente, o resumo por capítulos do estado de gastos do referido orzamento queda da seguinte forma:

<u>CAPÍTULOS</u>	<u>IMPORTES</u>
1.- Gastos de persoal.....	1.141.740,11.-
2.- Gastos correntes en bens e servizos.....	1.183.730,37.-
3.- Gastos financeiros.....	2.700,00.-
4.- Transferencias correntes.....	53.700,00.-
5.- Fondo de continxencia e outros imprevistos.....	0,00.-
6.- Inversións reais.....	1.109.372,42.-
7.- Transferencias de capital.....	2.000,00.-
8.- Activos financeiros.....	0,00.-
9.- Pasivos financeiros.....	0,00.-
SUMA TOTAL.....	3.493.242,90.-

O que se fai público para xeral coñecemento e efectos.

O Corgo, 14 de abril de 2021 O alcalde, Felipe Labrada Reija.

R. 1025

FRIOL

Anuncio

Segundo acordo da Xunta de Goberno de data 15 de marzo de 2021, anunciábase convocatoria pública, en orde á adxudicación do espazo vacante, nave número 2, para viveiro de empresas, na nave de usos múltiples do Parque Empresarial. Elo, de conformidade co disposto nas ordenanzas, aprobadas polo Pleno do Concello, na sesión do trece de marzo de 2017. Unha vez tramitadas as mesmas, de conformidade co disposto na lexislación vixente o acordo de aprobación e o texto dos mesmos publicouse no BOP núm 117 de 24 de maio de 2017.

1.- ENTIDADE ADXUDICATARIA.- Concello de Friol. Dependencia: Secretaría-Intervención

2.- OBXECTO. BENEFICIARIOS E DURACIÓN.-

a)Obxecto: adxudicación dun espazo do viveiro, efectuada polo órgano competente para a súa resolución. Trátase dunha nave industrial para utilización como viveiro de empresas, coa seguinte superficie:

Nave 2: 354.50 m2 construídos, superficie útil 330 m2, distribuídos en 262.23 m2 de planta baixa e 68.35 m2 de planta alta.

As superficies comúns son as correspondentes á parte da parcela non edificada, ou sexa 591 m2.

b) Beneficiarios : Poderán ser beneficiarios/as os/as emprendedores/as, ben autónomos/as ou empresas que cumpran os seguintes requisitos:

- Empresas que aínda non se constituíran, pero que prevean facelo no prazo máximo de 3 meses.
- Empresas constituídas en menos de 6 meses dende a data de solicitude de acollemento. Considerarase como data de inicio a data que figura no modelo 037 da Axencia Estatal da Administración Tributaria.
- Deberán ter enderezo social e fiscal no Concello de Friol.

A solicitude, farase segundo o modelo normalizado, que se publica no Anexo. Coa solicitude achegarase á seguinte documentación, referida tanto ao emprendedor/a como aos eventuais socios partícipes ou integrantes:

-Memoria descritiva da actividade que se pretende desenvolver, que avale a súa viabilidade económica e técnica, debendo desenvolver unha actividade de carácter industrial, compatible coas características do espazo físico do viveiro e as ordenanzas reguladoras do parque empresarial.

- Fotocopia do DNI

- Currículum vitae

- Vida laboral.

- Acreditación de estar ao corrente do cumprimento das súas obrigas tributarias coa facenda estatal, autonómica, e local, así como coa Seguridade Social impostas polas disposicións vixentes

A solicitude soamente poderá estar subscrita por un emprendedor/a, que será que o que asuma fronte ao Concello o réxime de dereitos e obrigas. No en tanto o emprendedor/a poderá incluír no seu proxecto outros socios, partícipes ou integrantes do negocio, que deberán ser

perfectamente identificados. No caso de resultar seleccionado o proxecto, os socios ou partícipes no negocio deberán asinar o contrato de cesión do uso, xunto co emprendedor principal en sinal de aceptación conxunta e solidaria do seu réxime de dereitos, obrigas e deberes.

Os/as interesados/as poderán engadir, achegar ou cumprimentar calquera documento, plano, bosquejo ou semellante que consideren oportuno e que permita unha mellor valoración da súa idea empresarial.

Os/as solicitantes ademais de acreditar as circunstancias de carácter administrativo pertinentes, deberán presentar o seu proxecto empresarial que comprenderá polo menos os contidos do plan de empresa. Ademais, nas solicitudes deberá sinalarse, por orde de preferencia, todos os espazos dispoñibles. En caso de non estar dispoñibles os sinalados en primeiro lugar polas empresas seleccionadas, poñeranse a disposición do/a adxudicatario/a as restantes, ás que se optará por orde de prelación segundo o baremo resultante.

No caso de empresas que non comezasen a súa actividade, a data prevista de inicio non poderá superar 3 meses desde a data de notificación da adxudicación da nave, excepto nos casos que estean pendentes de trámites que non se retrasen por causas imputables aos/as solicitantes. En ningún caso se tramitarán as solicitudes, nas que a data prevista de inicio supere o prazo indicado. Con carácter xeral, establécese un compromiso de ocupación e inicio da actividade no prazo de un mes, a partir da notificación da adxudicación do local, exceptuando os casos que estean pendentes de trámites que non se retrasen por causas imputables aos/as solicitantes.

De ser o caso, será de aplicación o previsto no art. 68 da lei 39/2015 de procedemento administrativo, sobre subsanación e mellora da solicitude. Ademais, poderase requerir aos solicitantes cantos documentos, datos e aclaracións sexan precisos para a correcta valoración do proxecto empresarial presentado.

c) Duración: O prazo máximo do contrato será de 12 meses prorrogables por outros 12, despois de un acordo por escrito, formalizándose as ampliacións do período de estancia, mediante anexo ao contrato suscrito inicialmente.

Non obstante o disposto, co fin de apoiar a aquelas empresas que necesiten algún tempo máis para a consolidación do seu negocio, excepcional e xustificadamente, poderá incrementarse o prazo, ata un máximo ata o máximo de un ano mais, sempre que non exista lista de espera, previa solicitude e formalización do/a interesado/a, que formulará cunha antelación mínima de tres meses á conclusión do prazo inicialmente establecido. Será obxecto de estudio polo órgano de selección, logo dos informes que estime pertinentes elevará proposta sobre a necesidade de ampliación temporal, ao órgano competente para a resolución, que o fará dun xeito motivado. En ningún caso se lles admitirá ás empresas unha estancia superior a tres anos, incluída a prórroga.

3.- TRAMITACIÓN, PROCEDIMENTO E CRITERIOS DE ADXUDICACIÓN.-

- a) Tramitación: Ordinaria.
- b) Procedemento: Aberto con varios criterios, de conformidade coa cláusula 11 da ordenanza reguladora:
- Viabilidade técnica e económica da actividade: 5 puntos.
 - Nivel de creación de emprego: 1 punto por contrato, ata un máximo de 5 puntos.
 - Empresa nova: 3 puntos.
 - Empresa recente: Ata tres meses 2 puntos; a partires de 3 e ata 6 meses 1,5 puntos.
 - Promotores veciños de Friol 2 puntos, de concellos limítrofes 1 punto.
 - Promotores en situación de desemprego: 1 punto.
 - Promotores desempregados de longa duración, colectivos con especial dificultade de inserción no mercado laboral, mozos menores de 30 anos, mulleres maiores de 45 anos e colectivos en exclusión social: 1 punto.

As solicitudes que cumprindo os requisitos non fosen seleccionadas, pasarán a formar parte dunha lista de espera que se aplicarán no caso de vacantes. A lista de espera terá validez por 24 meses.

4.- PREZO A SATISFACER.-As tarifas ás que se refire o artigo anterior estruturáanse do xeito seguinte:

- Para o caso de utilización e aproveitamento dos locais do viveiro municipal, as empresas que resulten adxudicatarias dos locais que se pon a súa disposición conforme ás normas e procedemento establecidas na normativa reguladora do viveiro, o importe será o resultante de aplicar a conta de 0.4€/m² útiles por cada mes.
- En todo caso, ao importe das tarifas establecidas aplicaráselles o Imposto sobre o

Valor engadido correspondente de acordo coa lexislación vixente.

No caso de que o inicio da ocupación non coincida co inicio do mes, prorratearase o importe da mensualidade segundo os días efectivos da ocupación, considerando os meses de 30 días naturais. Todo elo, sen prexuízo do pago pola súa conta dos recibos correspondentes de auga, lixo, saneamento, enerxía eléctrica etc. e calquera outro gasto de funcionamento.

5.- GARANTÍAS.-Unha vez notificada a adxudicación do espazo a un proxecto empresarial, o/a adxudicatario/a realizará as xestións pertinentes en orde á obtención de licenza ou comunicación previa e subscribirá un contrato, que conterá os dereitos e obrigas de ambas as partes e que se desenvolverá o establecido nesta ordenanza.

O prazo máximo para a sinatura do contrato, será de quince días desde a obtención da licenza, ou comunicación previa, debendo presentar a garantía e realizarse a ocupación do local adxudicado no prazo máximo de un mes, dese a sinatura do contrato. Dende o momento da ocupación, nacerá a obriga do pago do prezo público.

Deberán prestar garantía en metálico por importe equivalente a dúas mensualidades do prezo establecido polo uso dos respectivos espazos. A súa devolución, realizarase no prazo máximo de 6 meses, dende que finalice a utilización do espazo.

6.- PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES.-

- a) Data límite: 30 días hábiles contados a partir do seguinte ao da publicación deste anuncio no Boletín Oficial da Provincia de Lugo de 9 a 15 horas.
- b) Documentación: A esixida na ordenanza reguladora.
- c) Lugar: Rexistro Xeral do Concello de Friol ou por calquera xeito dos previstos na Lexislación de Procedemento Administrativo art. 16.4 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común.

7.- APERTURA DE SOLICITUDES.- Segundo o disposto, ao órgano de selección, ademais da elaboración do informe de avaliación das solicitudes, compételle a xestión de todas as incidencias e asuntos realizados co procedemento de selección dos proxectos empresariais, podendo solicitar cantos informes considere necesarios. A Alcaldía publicará a designación nominal na sede electrónica do concello e no taboleiro de anuncios, a designación nominal dos membros, así como as datas nas que proceda reunirse para a valoración da documentación e proposta de adxudicación.

8.- OBTENCIÓN DE INFORMACIÓN E DOCUMENTACIÓN:

- a) Concello de Friol.- Praza de España, 4. Código Postal 27220 b) Teléfono: 982375001.- Fax: 982375206
- c) Na Sede Electrónica do Concello de Friol: <https://friol.sedelectronica.gal>
- d) En todo o que non se contemple no presente anuncio, estarase ao disposto nas ordenanzas reguladora e fiscal, aprobadas polo Pleno do Concello, así como á lexislación vixente ao respecto.

ANEXO-MODELO DE SOLICITUDE

D. _____,
 con DNI n.º _____, con enderezo a efectos de notificacións en
 _____, _____, n.º _____, correo electrónico
 en nome propio/ en representación de _____,
 con CIF n.º _____, a efectos da súa participación na convocatoria
 realizada polo Concello de Friol para a utilización de nave do viveiro de empresas xestionado polo Concello, para
 a súa utilización na actividade de

DECLARA BAIXO A SÚA RESPONSABILIDADE:

PRIMEIRO. Que se dispón a participar na convocatoria realizada polo Concello de Friol para a utilización de nave do viveiro de empresas xestionado polo Concello de Friol, mediante cesión temporal d o seguinte espazos.

SEGUNDO. Que cumpre con todos os requisitos previos esixidos pola normativa reguladora aprobada polo Concello de Friol.

TERCEIRO.- Que posúe capacidade de obrar, e terán o seu enderezo social e fiscal no concello de Friol, non estando incurso en prohibición ou compatibilidade para contratar das recollidas no artigo 71 da Lei 9/2017 de 8 de novembro de Contratos do Sector Público e encóntrase ao corrente do cumprimento das súas obrigacións tributarias coa facenda estatal, autonómica, e local, así como coa Seguridade Social impostas polas disposicións vixentes.

CUARTO.- Que acredita a posesión e validez da documentación que adxunta a presente solicitude, esixida pola normativa reguladora, acompañando en concreto:

- Memoria descriptiva da actividade que se pretende desenvolver.
- Copia do DNI
- Curriculum vitae e vida laboral
- Acreditación de estar ao corrente do cumprimento das súas obrigacións tributarias coa facenda estatal, autonómica, e local, así como coa Seguridade Social impostas polas disposicións vixentes.
- Proxecto empresarial da actividade a realizar.

- **QUINTO.-** Que acepta expresamente o establecido nas bases reguladoras da convocatoria e se compromete expresamente ao cumprimento das disposicións polas que o Concello de Friol regula o funcionamento do viveiro de empresas, así como a satisfacer o prezo público establecido na ordenanza reguladora.

- **SÉXTO.-** Que se somete á Xurisdición dos Xulgados e Tribunais españois de calquera orde correspondentes ao enderezo procesual do Concello, para todas as incidencias que de modo directo ou indirecto puidesen xurdir do contrato, con renuncia, no seu caso, ao foro xurisdiccional estranxeiro que puidese corresponder ao licitador. (No caso de empresas estranxeiras).

- **SÉTIMO.-** Que o enderezo de correo electrónico en que efectuar notificacións é

_____.

Polo tanto **SOLICITO** ser admitido á convocatoria pública do espazo do viveiro de empresas.

E para que conste, asino a presente declaración.

En _____, a ____ de _____ de 20__ . Sinatura do declarante,

Friol, 12 de abril de 2021.- O Alcalde, José Ángel Santos Sánchez.

R. 1026

MEIRA

Anuncio

CONVOCATORIA PROCESO SELECTIVO

A Xunta de Goberno Local do Concello de Meira na súa sesión ordinaria do día 12 de abril do 2021 aprobou as bases do proceso selectivo para a contratación dun peón de servizos múltiples para o programa de Fomento do Emprego do Concello de Meira en réxime de laboral temporal.

De acordo coa Base 5ª das que rexen o procedemento selectivo, faise público dito proceso selectivo mediante anuncio da convocatoria no BOP de Lugo e á publicación íntegra das bases no Taboleiro de Anuncios e na páxina web municipal.

Aqueles aspirantes que desexen participar no devandito proceso, disporán dun prazo de dez (10) días naturais para a presentación das instancias dende a publicación deste anuncio no BOP.

Meira, 14 de abril de 2021.- O Alcalde, Antonio de Dios Álvarez.

R. 1027

PALAS DE REI

Anuncio

SELECCIÓN DE PERSOAL LABORAL PARA CONTRATOS TEMPORAIS VINCULADOS A PROGRAMAS FINANCIADOS POR OUTRAS ADMINISTRACIÓN MEDIANTE INSTANCIA DE PARTICIPACIÓN

ADMINISTRACIÓN PÚBLICA COFINANCIADORA: DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE LUGO.

CONVENIO OU PROGRAMA: Plan Provincial Único de Cooperación cos Concellos 2021

PUBLICACIÓN DO PROGRAMA OU CONVENIO: BOP nº 8 de data 12/01/2021

BASES DA CONVOCATORIA

1. Obxecto

O obxecto das presentes bases consiste na regulación do procedemento para a contratación laboral de carácter temporal, mediante contrato por obra ou servizo determinado dun/unha Técnico de Turismo, de acordo coas bases do Plan Provincial Único de Cooperación cos Concellos 2021.

A convocatoria realízase ao abeiro do Programa de: “Gastos correntes derivados da situación de emerxencia sanitaria por mor do coronavirus (Covid-19): Plan Reactivación do Emprego”, subvencionado pola Deputación provincial de Lugo ao abeiro do mencionado Plan, que foi aprobado por acordo do Pleno, en sesión ordinaria, celebrado o 30/03/2021.

2. Características do posto de traballo ofertado

Denominación do posto:	Técnico/a de Turismo
Réxime	Contrato laboral temporal
Unidade/Área	Oficina de Turismo Municipal
Categoría profesional	Grupo II
Titulación esixible	Grao ou diplomatura en turismo; técnico superior en información e comercialización turística; técnico superior en guía, información e asistencia turística; técnico superior en axencias de viaxes e xestión de eventos; técnico en empresas e actividades turísticas e certificado de profesionalidade en promoción turística local e información ao visitante ou titulacións equivalentes.
Sistema de selección	Concurso-oposición libre

Núm. de Postos que se convocan	Un (1)
Funcións encomendadas	<ul style="list-style-type: none"> - Colaborar na organización e promoción de eventos do concello. - Coordinar a elaboración dun plan de desenvolvemento turístico municipal no que se contemplen actuacións de adecuación do sector e o territorio á situación provocada pola COVID-19. - Asesoramento, acompañamento e coordinación do sector no ámbito municipal. - Traballos de información a persoas visitantes. - Actualización e control das RRSS no seu ámbito. - Colaboración na elaboración de memorias e documentos. - Calquera outra relacionada co posto que lle encomende o seu superior xerárquico.

3. Modalidade e condicións do contrato

Modalidade segundo regulación do RDLex 2/2015 (Estatuto dos Traballadores)	Obra ou servizo determinado.
Duración	8 meses, rematando en todo caso o 31 de decembro de 2021.
Réxime de dedicación (xornada completa ou parcial)	Media xornada (50%)
Xornada de traballo (horas semanais e prestación)	20 hora semanais.
Horario de traballo (oficina)	Distribuírse dependendo das necesidades do servizo.
Condicións especiais da xornada ou horario	O traballo poderá realizarse en xornada de mañá ou tarde, de luns a domingo, debendo de coordinarse con outros técnicos se fose necesario.
Retribución bruta incluído o prorrateo das extras	740,00 €/mensuais

4. Requisitos dos aspirantes

4.1. De carácter xeral (artigo 50 da Lei 2/2015, do emprego público de Galicia)

a) Ter a nacionalidade española, ou algunha outra que, con arranxo ao disposto no artigo 52 da Lei 2/2015, permita o acceso ao emprego público.

b) Estar en posesión da titulación que se esixa nas bases ou estar en condicións de obtela.

c) Non ser separado mediante expediente disciplinario do servizo de ningunha Administración pública ou dos órganos constitucionais ou estatutarios das comunidades autónomas, nin acharse na situación de inhabilitación absoluta ou especial para o desempeño de empregos ou cargos públicos por resolución xudicial, cando se tratase de acceder ao corpo ou escala de persoal funcionario do que a persoa fose separada ou inhabilitada.

Non ser despedido mediante expediente disciplinario de ningunha Administración pública ou dos órganos constitucionais ou estatutarios das comunidades autónomas, nin acharse na situación de inhabilitación absoluta ou especial para o desempeño de empregos ou cargos públicos por resolución xudicial, cando se tratase de acceder á mesma categoría profesional á que se pertencía.

No caso de nacionais doutros estados, non estar inhabilitado ou en situación equivalente, nin ser sometido a sanción disciplinaria ou equivalente que impida no Estado de procedencia o acceso ao emprego público nos termos anteriores.

d) Ter cumpridos o dezaseis anos e non exceder, no seu caso, da idade máxima de xubilación forzosa.

e) Posuír as capacidades e aptitudes físicas e psíquicas que sexan necesarias para o desempeño das correspondentes funcións ou tarefas.

4.2. De carácter específico.

- Certificado de Lingua Galega Nivel 4 (Celga 4) ou equivalente.

- Estar en posesión dalgunha das titulacións esixibles, ou en condición de obtela na data de remate do prazo de presentación de instancias.

No caso de titulacións obtidas no estranxeiro deberase estar en posesión da credencial que acredite a súa homologación.

Os requisitos anteriores deberanse reunir con referencia ao último día do prazo de presentación de instancias.

5. Publicidade.

As presentes Bases publicaranse no Boletín Oficial da Provincia de Lugo e páxina web do Concello de Palas de Rei, na súa sede electrónica.

Todos os anuncios relativos a este procedemento selectivo e os sucesivos trámites publicaranse na páxina web do concello e o taboleiro de anuncios.

6. Procedemento selectivo.

6.1. Documentación.

As persoas interesadas presentarán no rexistro xeral do Concello ou por calquera dos medios que establece o artigo 16.4 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, a solicitude debidamente cumprimentada, e no modelo oficial que se publica como **Anexo I** a estas bases, asinada e dirixida ao Alcalde do Concello de Palas de Rei, xunto coa documentación que na mesma se indica.

Co obxecto de coñecer a presentación das instancias noutros rexistros ou nas oficinas de correos e poder realizar o seu seguimento, nestes supostos, as persoas solicitantes deberán adiantar á dirección concellopalas@gmail.com, un resguardo de ter presentado a solicitude, dentro do prazo de presentación, indicando como asunto: proceso "Técnico de Turismo".

6.2. Prazo de presentación de instancias.

Considerando as esixencias do programa no que atinxe ao prazo de execución da actuación subvencionada, establécese un prazo de **Tres días hábiles**, contados a partir do día seguinte ao da publicación da convocatoria no Boletín Oficial da Provincia.

6.3 Admisión.

Rematado o prazo de presentación de solicitudes, o Alcalde aprobará a listaxe provisional de admitidos e excluídos, na que se indicarán, se é o caso, os motivos de exclusión.

A listaxe publicarase no taboleiro de anuncios e na páxina web do Concello.

Os aspirantes excluídos disporán dun prazo de **dous días hábiles** para emendar os erros ou defectos advertidos, a partir da publicación do anuncio na Páxina Web do Concello.

Transcorrido o prazo de dous días sen reclamacións, a lista de admitidos/as, quedará elevada automaticamente a definitiva e publicarase nos lugares anteriormente expresados.

No caso de producirse reclamacións, estas serán estudadas e dítarase resolución estimándoas ou desestimándoas. Dita resolución publicarase coa lista definitiva na páxina web do Concello.

6.4. Órgano de selección

A Comisión Técnica de Selección será nomeada por resolución do alcalde e axustarase aos principios de imparcialidade e profesionalidade dos seus membros e terase en conta a normativa reguladora da igualdade entre homes e mulleres.

Os membros do órgano de selección deberán pertencer a un corpo, escala ou categoría profesional no que para o ingreso se requira unha titulación de nivel igual ou superior ao esixido para participar no proceso selectivo.

6.5. Colaboradores.

A Comisión Técnica de Selección, en atención ao volume de traballo en relación coa urxencia do procedemento ou debido ás especificacións técnicas das probas establecidas poderá solicitar a asistencia de persoal colaborador entre os empregados do concello ou asesoramento especial, sen que neste caso sexa necesariamente persoal da propia entidade.

O persoal colaborador ou asesor terá dereito ás mesmas cantidades asignadas aos vogais en concepto de asistencia, sen prexuízo das indemnizacións por gastos que legalmente corresponda aplicar.

En ningún caso estará presente nas votacións da Comisión Técnica de Valoración.

6.6. Sistema de selección e puntuación.

A selección dos candidatos realizarase, de conformidade co previsto nas presentes bases, polo sistema de selección que se indica no cadro que se transcribe na base 2.

Cando o sistema fora o de concurso oposición, soamente se valorarán os méritos da fase de concurso dos aspirantes que superasen a fase de oposición.

Proba de Galego:

Para dar cumprimento á normalización do idioma galego nas administracións públicas de Galicia e para garantir o dereito ao uso do galego nas relacións coas administracións públicas no ámbito da Comunidade Autónoma, así como a promoción do uso normal do galego por parte dos poderes públicos de Galicia, de conformidade co disposto no artigo 51 da Lei 2/2015, do 29 de abril, do emprego público de Galicia, nas probas selectivas que se realicen para o acceso aos postos das administracións públicas incluídas no ámbito de aplicación da presente lei incluírase un exame de galego, excepto para aquelas persoas que acrediten o coñecemento da lingua galega de conformidade coa normativa vixente. As bases das convocatorias dos procesos selectivos establecerán o carácter e, no seu caso, a valoración do coñecemento da lingua galega.

Se o aspirante non está exento da proba de galego deberá realizar unha proba, que terá carácter eliminatorio, e consistirá na tradución dun texto do castelán ao galego e outro do galego ao castelán propostos polo tribunal, nun tempo máximo de media hora.

Cualificarase a proba como apto/a ou non apto/a e publicarase mediante anuncio no taboleiro e na páxina web do Concello de Palas de Rei. Os/as aspirantes disporán dun prazo de dous días hábiles para presentar as reclamacións que considere oportunas contra as referidas cualificacións.

